

RESOLUCIÓN REITORAL DO 18 DE ABRIL DE 2022, POLA QUE SE CONVOCA A SEGUNDA EDICIÓN DO PREMIO “MÚLTIPLES OLLADAS AO REDOR DAS LETRAS GALEGAS: FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN 2022”

A Universidade de Vigo, a través da vicerreitoría do campus de Pontevedra, convoca a segunda edición do premio “*Múltiples olladas ao redor das Letras Galegas: Florencio Delgado Gurriarán 2022*”. Con motivo do Día das Letras Galegas, a vicerreitoría do Campus de Pontevedra quere sumarse a esta efeméride coa organización dun premio que procura potenciar a creatividade e a innovación, a partir da relectura e interpretación da produción cultural da persoa homenaxeada. Neste ano 2022, esta celebración xira ao redor de Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903 – Fair Oaks, California, 1987), poeta comprometido coa causa galeguista e marcado polo exilio.

Para seguir o seu ronsel, a vicerreitoría do Campus de Pontevedra convoca o Premio “Múltiples olladas ao redor das Letras Galegas: Florencio Delgado Gurriarán 2022” coas seguinte **BASES**:

Primeira. Obxecto da convocatoria

Estimular a creatividade e a innovación entre o alumnado da Universidade de Vigo, a partir da revisión, reflexión e análise da produción cultural de Florencio Delgado Gurriarán. Este exercicio inspirará a realización dun produto cultural ou tecnolóxico de diferente índole (ilustración, cómic, fotografía, infografía, cerámica, composición musical, videopoema, holopoesía...). A pretensión fundamental é potenciar unha mirada da obra deste poeta desde outras concepcións artísticas, códigos e soportes.

Segunda. Requisito das persoas participantes

Pode participar neste Premio o alumnado de xeito individual ou colectivo que, no momento da convocatoria, estea matriculado en calquera titulación da Universidade de Vigo no curso 2021-2022.

Terceira. Modalidade dos premios

Primeiro premio. Será recoñecido con dotación económica de 300 euros, á que se lle aplicarán as retencións legalmente establecidas, e certificación oficial da Universidade de Vigo.

Segundo premio. Será recoñecido con dotación económica de 250 euros, á que se lle aplicarán as retencións legalmente establecidas, e certificación oficial da Universidade de Vigo.

Terceiro premio. Será recoñecido con dotación económica de 200 euros, á que se lle aplicarán as retencións legalmente establecidas, e certificación oficial da Universidade de Vigo.

O financiamento destes premios será por conta da partida orzamentaria 2022PON1211ECUL48499

Os premios entregaranse nos actos de celebración das Letras Galegas da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, tras previo aviso á persoa ou persoas gañadoras.

Cuarta. Presentación das obras

Os traballos que concorran terán liberdade técnica e artística, certificando as persoas autoras a súa orixinalidade, sen infrinxir dano en materia de propiedade intelectual nin industrial a terceiros. As

obras materiais (fotografía, ilustración, cerámica...) presentaranse de xeito físico, mentres que as audiovisuais (vídeocreación...) en soporte dixital.

Quinta. Solicitudes e prazo de presentación

Os traballos presentaranse na sede da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra en días laborais, de 9,00 a 14,00 horas. Nun sobre incluírase o título do traballo e unha breve descrición, así como outro sobre pechado que inclúa o nome, apelidos e teléfono da persoa participante.

O prazo de presentación de traballos remata o 12 de maio de 2022 ás 14.00 horas.

Sexta. Procedemento e criterios de selección

As obras serán valoradas por unha comisión formada por integrantes da Área de Dinamización Cultural, Educativa e Integración da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e membros da comunidade universitaria (PDI, PAS e alumnado).

O xurado valorará a calidade artística, a creatividade, a técnica e a orixinalidade da idea presentada.

A resolución non está suxeita a apelación e a Comisión pode declarar deserto o premio.

Sétima. Dereito de propiedade

A persoa autora cederá os dereitos de explotación de comunicación pública e difusión da proposta gañadora exclusivamente á entidade convocante, seguindo a Lei de propiedade intelectual 1/1996.

Oitava. Información sobre a convocatoria

Calquera dúbida sobre esta convocatoria será atendida na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (vic.pon@uvigo.es – 986 80 20 80).

Novena. Aceptación das presentes bases

A participación na convocatoria deste Premio implica a aceptación das súas bases.

O reitor

Por Delegación RR do 26/05/2020 (DOG do 4 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Pontevedra

Jorge Soto Carballo